

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

3092 *Real decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.*

A Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, sinala no seu artigo 26.2 que as accións formativas do subsistema de formación para o emprego están dirixidas á adquisición, mellora e actualización permanente das competencias e cualificacións profesionais, favorecendo a aprendizaxe ao longo de toda a vida da poboación activa e conxugando as necesidades das persoas, das empresas, dos territorios e dos sectores produtivos. O dito subsistema, de acordo co previsto na Lei orgánica 5/2002, das cualificacións e da formación profesional, desenvólvese no marco do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

Os certificados de profesionalidade, regulados polo Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, son o instrumento de acreditación oficial, no ámbito da Administración laboral, das cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais adquiridas a través de procesos formativos ou do proceso de recoñecemento da experiencia laboral e de vías non formais de formación, e permiten a súa correspondencia cos títulos de formación profesional do sistema educativo.

A oferta formativa vinculada coa obtención destes certificados ten unha especial importancia na súa utilización como instrumento de política activa de emprego e, nestes momentos de elevado desemprego, cobra unha especial relevancia para as persoas e para as empresas. Actualmente, o Repertorio nacional de certificados de profesionalidade permite configurar unha oferta formativa en resposta aos tres niveis de cualificación do citado catálogo e para todos os sectores produtivos.

A Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, cuxo antecedente é o Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, introduce medidas para a mellora da oferta formativa e da calidade e eficiencia do sistema de formación profesional. En concreto, modifícase a regulación do contrato para a formación e a aprendizaxe, desenvolvido polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e se establece a conta de formación.

Este real decreto ten por obxecto introducir as modificacións da regulación dos certificados de profesionalidade en relación co novo contrato para a formación e a aprendizaxe, a formación profesional dual, así como en relación coa súa oferta e implantación e aqueles aspectos que dan garantía de calidade ao sistema.

Neste sentido, especifícanse os criterios de acceso a través do establecemento de probas en relación coas competencias clave inspiradas nos ámbitos establecidos na Recomendación n.º 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente. Tamén se regulan os requirimentos para a acreditación de centros con oferta de teleformación, así como dos seus titores formadores, amplíase a participación na oferta formativa aos centros de iniciativa privada e ás empresas e establécense medidas para favorecer a xestión eficaz desta oferta e para mellorar o seguimento da calidade no desenvolvemento da actividade formativa.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, emitiu informe o Consello Xeral da Formación Profesional, o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego e foi informada a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de marzo de 2013,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.*

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto 5 do artigo 2, que queda redactado como segue:

«5. O Repertorio nacional de certificados de profesionalidade é o conxunto dos certificados de profesionalidade ordenados sectorialmente en 26 familias profesionais e constituído por certificados de profesionalidade de nivel 1, de nivel 2 e de nivel 3, de acordo co establecido nos anexos I e II do Real decreto 1128/2003, do 5 setembro, polo que se regula o Catálogo nacional das cualificacións profesionais, modificado polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro.

O Repertorio nacional de certificados de profesionalidade forma parte do ficheiro de especialidades formativas recollido no artigo 20.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.»

Dous. O punto 1 do artigo 5 bis queda redactado como segue:

«1. O módulo de formación práctica en centros de traballo realizarase preferentemente unha vez realizado o resto dos módulos formativos do certificado de profesionalidade, ben que se poderá desenvolver simultaneamente á realización daqueles, logo de autorización dos servizos públicos de emprego. Esta autorización será resolta polo Servizo Público de Emprego competente no prazo dun mes desde a súa solicitude. A non resolución no dito prazo lexítima os interesados para entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Este módulo de formación práctica débese programar necesariamente nas accións formativas dirixidas á obtención dun certificado completo ou cando as accións formativas vaian dirixidas a completar o itinerario formativo dun certificado que for obxecto previamente de acreditacións parciais.

O módulo de formación práctica en centros de traballo vinculado a un determinado certificado de profesionalidade poderase ofertar de forma independente nos seguintes casos:

a) Cando os participantes proveñan do subsistema de formación profesional para o emprego e obtivesen a cualificación de «apto» en todos os módulos formativos do certificado de profesionalidade.

b) Cando os participantes proveñan da formación profesional do sistema educativo sen teren superado o módulo profesional de formación en centros de traballo correspondente, e presenten o certificado académico que acredite a superación dos módulos profesionais concretos e a súa relación coas unidades de competencia acreditadas que conforman o certificado de profesionalidade.»

Tres. O punto 4 do artigo 5 bis queda redactado como segue:

«4. Estarán exentos de realizar este módulo os alumnos dos programas de formación en alternancia co emprego do certificado correspondente ás accións formativas inherentes aos contratos para a formación e a aprendizaxe que se realicen no marco da formación dual, nos termos recollidos no artigo 16.5 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a

formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, así como os que acrediten unha experiencia laboral de ao menos tres meses que se corresponda coas capacidades recollidas no citado módulo do certificado de profesionalidade. As solicitudes de exención deste módulo pola súa correspondencia coa práctica laboral realizaranse de acordo co regulado polas administracións laborais competentes, que expedirán un certificado de exención deste.»

Catro. O punto 5 do artigo 5 bis queda redactado como segue:

«5. A experiencia laboral, para efectos de exención do módulo de formación práctica en centros de traballo, acreditarase mediante a seguinte documentación:

a) Para traballadores asalariados: certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade a que estivesen afiliados, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación, e certificación da empresa onde adquirisen a experiencia laboral, na cal conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a dita actividade.

b) Para traballadores autónomos ou por conta propia: certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e unha declaración responsable de cumprimento dos requisitos para a exención do módulo de prácticas coa descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo en que se realizou esta.

c) Para traballadores voluntarios ou borseiros: certificación da organización ou empresa onde se prestase a asistencia en que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano en que se realizou e o número total de horas dedicadas a elas.

As administracións competentes promoverán o establecemento dun sistema de comunicación electrónica coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social para a transmisión destes datos.»

Cinco. O artigo 10 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10. *Modalidades de impartición da formación referida aos certificados de profesionalidade.*

1. A formación referida aos certificados de profesionalidade poderase impartir de forma presencial ou mediante teleformación.

2. A modalidade de impartición mediante teleformación entenderase realizada cando as accións formativas se desenvolvan na súa totalidade, ou en parte combinadas con formación presencial, de acordo co establecido en cada certificado para esta modalidade, a través das tecnoloxías da información e comunicación, posibilitando a interactividade de alumnos, titores formadores e recursos situados en distinto lugar. A formación estará organizada de tal forma que permita un proceso de aprendizaxe sistematizado para o participante, cunha metodoloxía apropiada á modalidade de impartición, que deberá cumprir os requisitos de accesibilidade e deseño para todos establecidos polo Servizo Público de Emprego Estatal, e que necesariamente será complementada con asistencia titorial.

3. Os módulos formativos que constitúen a formación dos certificados de profesionalidade poderanse ofertar mediante teleformación, sempre que se garanta que o alumnado poida conseguir os resultados de aprendizaxe, segundo se establece no artigo 14.3.

4. As administracións competentes garantirán a flexibilidade e diversidade da oferta formativa vinculada aos certificados de profesionalidade, en función da modalidade de impartición, de maneira que se adapte ás necesidades de formación derivada dos contratos para a formación e a aprendizaxe como modalidade da formación profesional dual.

5. Cando a formación vinculada aos certificados de profesionalidade se desenvolva mediante teleformación, deberase realizar a través dunha plataforma virtual de aprendizaxe, autorizada polo Servizo Público de Emprego Estatal, que asegure a xestión dos contidos e o seguimento e a avaliación dos participantes.

6. Os módulos formativos que se desenvolvan mediante teleformación requirirán a avaliación nos termos que se establecen no artigo 14, así como a realización dunha proba de avaliación final de carácter presencial. Esta proba será elaborada polos centros e entidades de formación nos cales se impartan as accións formativas, e autorizada polos servizos públicos de emprego competentes. Así mesmo, os servizos públicos de emprego competentes poderán supervisar a aplicación destas probas finais.

7. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, logo de informe das comunidades autónomas, determinará as condicións de impartición dos certificados de profesionalidade nas distintas modalidades co fin de garantir a súa calidade de impartición.»

Seis. O artigo 12 queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Centros que impartan accións formativas correspondentes aos certificados de profesionalidade.*

1. As accións formativas correspondentes a certificados de profesionalidade poderán impartirse nos seguintes centros:

a) Centros integrados de formación profesional conforme o disposto no Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional. Nestes centros a programación da oferta modular asociada a unidades de competencia incluídas en títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade será a mesma.

b) Centros de referencia nacional, coa finalidade de innovación e experimentación que se establece no artigo 11.7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e no Real decreto 229/2008, do 15 de febreiro, polo que se regulan os centros de referencia nacional no ámbito da formación profesional.

c) Centros propios da Administración laboral competente que reúnan os requisitos establecidos nos reais decretos polos que se establecen os certificados de profesionalidade.

d) Centros ou entidades de formación públicos ou privados acreditados pola Administración laboral competente segundo o establecido no artigo 9 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

e) As empresas, respecto á formación inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe que subscribisen cos seus traballadores ou outras iniciativas de formación, cando dispoñan de instalacións adecuadas e persoal con formación técnica e didáctica adecuada para os efectos da acreditación da competencia ou cualificación profesional, e se encontren acreditadas como centro ou entidade de formación para impartir a formación dirixida á obtención de certificados de profesionalidade.

2. Con independencia da formación profesional para o emprego, financiada con fondos públicos, a que se refire a letra h) do artigo 3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que terá que estar garantida, as empresas e os centros de

formación e os centros integrados de formación profesional de iniciativa privada tamén poderán desenvolver accións formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, para a formación dos traballadores e desempregados, nos termos establecidos no artigo 19.

En todo caso, a formación deberase adecuar á normativa reguladora dos certificados de profesionalidade e estas empresas e centros de formación deberán estar acreditados pola Administración laboral competente.

3. A formación inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe realizada en réxime de alternancia coa actividade laboral retribuída impartirase nos centros formativos recollidos no artigo 11.2.d) do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e desenvolvido polo artigo 18 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.»

Sete. Engádesse un novo artigo 12 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 12 bis. *Requisitos xerais dos centros que impartan a formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade.*

1. Os centros que impartan accións formativas correspondentes a certificados de profesionalidade deberán reunir os requisitos especificados nos reais decretos que regulen os ditos certificados.

2. Os centros que impartan a formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade deberán estar acreditados pola Administración laboral competente. Os servizos públicos de emprego, sempre que existan accións formativas para os ditos centros, comprobarán anualmente as acreditacións realizadas, revisando o cumprimento das condicións establecidas para a dita acreditación.

3. Os centros que impartan a formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade na modalidade presencial deberán cumprir coas prescricións dos formadores e os requisitos mínimos de espazos, instalacións e equipamento establecidos para todos os módulos formativos que constitúen os certificados de profesionalidade, así como as especificacións que determinen as administracións laborais competentes.

A acreditación dos centros que impartan a formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade na modalidade presencial será realizada polo servizo público de emprego competente no territorio en que radiquen.

O Servizo Público de Emprego Estatal realizará a acreditación dos centros que impartan a formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade, na modalidade presencial, no seu ámbito de xestión, e para efectos dos supostos recollidos nos artigos 4.a) e 22.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo. Así mesmo, realizará a acreditación no suposto dos programas públicos de emprego-formación recollidos no artigo 28 do dito real decreto e no artigo 25.1.d) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, incluíndo escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, cando os ditos programas se desenvolvan con cargo á reserva de crédito establecida no artigo 13.h) da citada Lei 56/2003, do 16 de decembro.

Sen prexuízo do anterior, o Servizo Público de Emprego Estatal, para efectos da realización de accións formativas dentro do seu ámbito de xestión, recoñecerá as acreditacións realizadas por parte doutras administracións competentes no seu ámbito territorial, de acordo coa información que conste no Rexistro Estatal de Centros e Entidades de Formación, sen que sexa necesario solicitar unha nova acreditación.

Corresponde aos servizos públicos de emprego, no seu respectivo ámbito de xestión, o seguimento e control das accións formativas impartidas polos centros vinculadas a certificados de profesionalidade na modalidade presencial.

4. Os centros que impartan a formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade na modalidade de teleformación deberán cumprir, para todos os módulos formativos que constitúen o certificado de profesionalidade, as prescricións dos tiores formadores establecidas no artigo 13.4, así como os requisitos das plataformas e soportes recollidos neste punto.

Na formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade impartida a distancia en centros do ámbito educativo acreditados pola Administración laboral, enténdese incluída a modalidade de teleformación.

A acreditación dos centros que impartan a formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade na modalidade de teleformación será realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Correspóndelles aos servizos públicos de emprego, no seu respectivo ámbito de xestión, o seguimento e control das accións formativas impartidas polos centros vinculadas a certificados de profesionalidade na modalidade de teleformación.

Os requisitos que os centros deberán cumprir para a súa acreditación e impartición na modalidade de teleformación son:

a) Dispoñer dun proxecto formativo en que se detalle a planificación didáctica e da avaliación, a metodoloxía de aprendizaxe, as titorías presenciais, se proceden, así como o seguimento e os instrumentos de avaliación.

b) Dispoñer das instalacións e todos os recursos necesarios para a realización das actividades que requiran presenza do alumnado, no seu propio centro, ou mediante acordos ou convenios con outras entidades ou centros debidamente acreditados para a impartición presencial.

c) Dispoñer dunha plataforma de aprendizaxe de teleformación con capacidade suficiente para xestionar e garantir a formación do alumnado, permitindo a interactividade e o traballo cooperativo, así como a dispoñibilidade dun servizo técnico de mantemento.

A plataforma de aprendizaxe deberá posuír os seguintes requisitos:

Ferramentas de xestión de contidos, de comunicación e colaboración, de seguimento e avaliación, complementarias, así como integración de ferramentas de administración e xestión para os procesos de inscrición e rexistro.

Ter como referente os niveis de fiabilidade, seguridade, accesibilidade e interactividade sinalados nas normas UNE que lles poidan ser de aplicación e outras específicas do sector, de acordo coas especificacións técnicas que se establezan regulamentariamente.

Dispositivos de acceso simultáneo para todos os posibles usuarios, garantindo un largo de banda da plataforma que se manteña uniforme en todas as etapas do curso.

d) Dispoñer do curso completo que recibirá o alumno, e que deberá incluír os materiais con contidos en formato multimedia así como as actividades de aprendizaxe e avaliación dos módulos formativos, de acordo cos reais decretos dos certificados de profesionalidade.

e) Dispoñer dunha planificación da actuación dos formadores que desenvolva a programación de cada módulo formativo do certificado de profesionalidade, que poida ser utilizado como guía de aprendizaxe e avaliación.»

Oito. Modifícase o punto 1 e engádese un novo punto 4 ao artigo 13, coa seguinte redacción:

«1. Para poderen impartir a formación correspondente a cada un dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade, os formadores deberán reunir os requisitos específicos que se inclúan nel. Estes requisitos deben garantir o dominio dos coñecementos e as técnicas relacionadas coa unidade de competencia a que está asociado o módulo, e verificaranse mediante a correspondente acreditación e/

ou experiencia profesional no campo das competencias relacionadas co módulo formativo.

En calquera caso, para impartir os módulos formativos dos certificados de profesionalidade, será requisito que o formador acredite posuír competencia docente.

Para acreditar a competencia docente requirida, o formador ou persoa experta deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego.

Do requisito establecido no parágrafo anterior estarán exentos:

a) Os que estean en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrao nos citados ámbitos.

b) Os que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no punto anterior e ademais se encontren en posesión do certificado de aptitude pedagóxica ou dos títulos profesionais de especialización didáctica e o certificado de cualificación pedagóxica. Así mesmo, estarán exentos os que acrediten a posesión do máster universitario habilitante para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e escolas oficiais de idiomas e os que acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica exixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente para efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.

c) Os que acrediten unha experiencia docente contrastada de cando menos 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

4. Os titores formadores que impartan formación mediante teleformación, ademais de cumpriren as prescricións que se establecen no punto 1, deberán acreditar unha formación de cando menos 30 horas ou experiencia nesta modalidade e na utilización das tecnoloxías da información e comunicación. A experiencia acreditarase segundo o disposto na normativa que desenvolva este real decreto. Para tal fin, as administracións competentes desenvolverán programas e actuacións específicas para a formación destes formadores.

Para garantir o seguimento e calidade na modalidade de teleformación dos certificados de profesionalidade, na planificación da acción formativa establecerase un mínimo de dedicación do titor formador de 10 horas semanais por cada 20 alumnos, incluíndo as actividades presenciais requiridas.

Cada módulo formativo que se imparta, en todo ou en parte, combinado con formación presencial, terá asignado un titor formador coas seguintes funcións:

a) Desenvolver o plan de acollida dos grupos de alumnos segundo as características específicas das accións formativas.

b) Orientar e guiar o alumnado na realización de actividades, o uso dos materiais e a utilización das ferramentas da plataforma virtual de aprendizaxe para a adquisición das capacidades dos distintos módulos formativos.

c) Fomentar a participación do alumnado, propoñendo actividades de reflexión e debate individuais e en equipo, organizando actividades individuais e de traballo en equipo, utilizando para iso as ferramentas de comunicación establecidas.

d) Realizar o seguimento e a valoración das actividades realizadas polo alumnado, resolvendo dúbidas e solucionando problemas a través das ferramentas da plataforma virtual de aprendizaxe, axustándose á planificación establecida.

e) Realizar a avaliación do alumnado, de acordo cos criterios establecidos, participar na organización e desenvolvemento das probas de avaliación e nas sesións de avaliación e cualificación establecidas para o efecto.

f) Coordinar as titorías presenciais que, se é o caso, se realicen.

g) Participar en todas aquelas actividades que impliquen a coordinación co resto do equipo responsable da organización, xestión e desenvolvemento das accións formativas.»

Nove. O artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Avaliación da formación.*

1. Os formadores que impartan as accións formativas levarán a cabo unha avaliación continua do alumnado, que será realizada por módulos e, se é o caso, por unidades formativas, co obxecto de comprobar os resultados de aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais.

2. A avaliación desenvolverase de maneira sistemática, axustándose a unha planificación previa na cal constarán, cando menos, para cada módulo e, se é o caso, unidade formativa, unha estimación das datas previstas para a avaliación, os espazos en que esta se levará a cabo, os instrumentos de avaliación que serán utilizados e a duración que comporte a súa aplicación.

3. Os resultados de aprendizaxe que se deberán comprobar nos módulos formativos estarán referidos tanto aos coñecementos como ás destrezas prácticas e habilidades recollidas nas capacidades e criterios de avaliación deles, de maneira que, no seu conxunto, permitan demostrar a adquisición das competencias profesionais, en concordancia cos descritores establecidos na Recomendación 2008/C 111/10 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, relativa á creación do Marco europeo de cualificacións para a aprendizaxe permanente.

Para obter a acreditación das unidades de competencia, será necesario superar con avaliación positiva, en termos de apto, os módulos formativos asociados a cada unha delas.

4. Os métodos e instrumentos de avaliación adecuaranse á natureza dos distintos tipos de resultados que se deberán comprobar e acompañaranse dos correspondentes soportes para a súa corrección e puntuación, de maneira que se garanta a obxectividade, fiabilidade e validez da avaliación.

5. Os formadores reflectirán documentalmente os resultados obtidos polos alumnos na avaliación de cada un dos módulos formativos e, se é o caso, unidades formativas do certificado, na cal se incluírá o desempeño de cada alumno nos distintos instrumentos de avaliación aplicados, coas correccións e puntuacións obtidas neles.

6. Os formadores elaborarán unha acta de avaliación na cal quedará constancia dos resultados obtidos polos alumnos. A acta, que estará asinada polo formador e pola persoa responsable do centro ou entidade en que a acción formativa se impartise, incluírá a identificación dos alumnos con nome, apelidos, DNI e resultados en cada un dos módulos ou, se é o caso, unidades formativas, en termos de «apto» ou non «apto».

7. Na modalidade de teleformación, ademais do establecido anteriormente con carácter xeral a todas as modalidades, a avaliación dos módulos formativos será realizada polos titores formadores mediante un seguimento do proceso de aprendizaxe e unha proba de avaliación final de carácter presencial. O seguimento do proceso de aprendizaxe incluírá a análise das actividades e traballos presentados na plataforma virtual e realizados ao longo da acción formativa, así

como a participación nas ferramentas de comunicación que se establezan. Os criterios de avaliación establecidos de forma cuantificada de cada unha das actividades que interveñen no proceso de aprendizaxe aplicaranse segundo o definido no proxecto formativo.

8. O seguimento e avaliación dos alumnos no módulo de formación práctica en centros de traballo será realizado conxuntamente polos titores designados polo centro de formación e pola empresa.

Os alumnos que superen este módulo recibirán unha certificación asinada por ambos os titores e o responsable da empresa, que será necesario achegar para efectos de solicitar o correspondente certificado de profesionalidade.

9. O centro que imparta accións formativas correspondentes a certificados de profesionalidade deberá dispoñer dos seguintes documentos:

- a) Planificación da avaliación, segundo se indica no punto 2.
- b) Os instrumentos de avaliación utilizados, cos correspondentes soportes para a súa corrección e puntuación, segundo se indica no punto 4.
- c) A documentación que recolla os resultados obtidos polos alumnos, segundo se indica no punto 5.
- d) As actas de avaliación, segundo se indica no punto 6.

10. O centro que imparta accións formativas correspondentes a certificados de profesionalidade deberá entregar, nun prazo non superior a tres meses desde a finalización, as actas de avaliación asinadas e os documentos onde se reflectan os resultados desta á Administración competente responsable de expedir o certificado de profesionalidade, que será responsable da súa custodia.

Esta documentación servirá de base aos órganos competentes das comunidades autónomas ou ao Servizo Público de Emprego Estatal, para expedir as pertinentes certificacións dos módulos formativos superados con que as persoas interesadas poderán solicitar a expedición do certificado de profesionalidade ou acreditación parcial acumulable que corresponda, de acordo co que se establece no artigo 16.»

Dez. Substitúese o título do artigo 18 polo seguinte:

«Artigo 18. *Avaliación, seguimento e control da calidade da formación.*»

Once. Engádense tres novos puntos 4, 5 e 6, no artigo 18, coa seguinte redacción:

«4. De acordo co disposto no capítulo V do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, as administracións laborais competentes establecerán os procedementos e medidas necesarios para garantir a adecuación e calidade da formación impartida en calquera das súas modalidades, establecendo mecanismos de avaliación, seguimento e control das condicións e resultados do desenvolvemento da formación.

5. Os centros deberanse someter ás actuacións de seguimento e control que leven a cabo as administracións competentes durante o desenvolvemento da acción formativa, facilitando a súa realización e achegando a documentación que sexa requirida. Cando a impartición de certificados de profesionalidade se realice na modalidade de teleformación, deberán proporcionar ás mencionadas administracións un acceso á plataforma virtual de aprendizaxe co obxecto de realizar o citado seguimento.

Para estes efectos as administracións competentes establecerán mecanismos de seguimento e control da calidade das accións formativas que aseguren a adecuación:

- a) Das instalacións e equipamentos.
- b) Dos requisitos dos formadores e de acceso do alumnado.

- c) Da planificación didáctica e de avaliación.
- d) Dos procedementos e métodos de impartición.
- e) Dos medios didácticos e técnicos utilizados na impartición.
- f) Da avaliación dos resultados de aprendizaxe.

6. Sen prexuízo do disposto no capítulo V do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e normas que o desenvolven, os centros que impartan accións formativas correspondentes a certificados de profesionalidade terán dispoñibles, para a súa revisión nos procesos de avaliación, seguimento e control da calidade das ditas accións, a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos e obrigas establecidos na normativa de aplicación.»

Doce. Engádesse un novo artigo 19 coa seguinte redacción:

«Artigo 19. *Accións formativas non financiadas con fondos públicos desenvolvidas por empresas e centros de iniciativa privada.*

1. As empresas e centros de formación de iniciativa privada debidamente acreditados polas administracións laborais competentes para impartir formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade, que desenvolvan as accións formativas non financiadas con fondos públicos mencionadas no artigo 12.3 deberán cumprir as seguintes obrigas, ademais das establecidas con carácter xeral neste real decreto e demais normativa de aplicación, sen prexuízo das que poidan establecer as administracións competentes:

a) Comunicar, cunha antelación non inferior a trinta días á data de inicio, as accións formativas que van ser impartidas para a súa autorización pola Administración competente, que comprobará o cumprimento das condicións de impartición a que se refire o artigo 10.7.

b) Remitir á Administración competente a comunicación de inicio das ditas accións formativas, que como mínimo especificará:

As datas de inicio e finalización de cada acción formativa.

A relación de alumnos participantes, con indicación dos que van realizar o módulo de formación práctica en centros de traballo (detallando empresas e datas de realización), así como dos alumnos que se encontran exentos da súa realización.

A documentación xustificativa da acreditación requirida por formadores e títos formadores intervinientes na acción formativa.

Unha planificación do proceso de avaliación, con indicación das datas de realización das probas finais, cando proceda, dos instrumentos que se van utilizar, dos espazos destinados ás probas e da duración destas.

O convenio ou acordo entre os centros formativos e os centros de traballo para a realización do módulo de formación práctica en centros de traballo.

A documentación acreditativa da existencia dunha póliza de seguro para a realización do módulo de formación práctica en centros de traballo.

c) Comunicar á Administración competente as baixas e altas de alumnos e as datas en que se producen.

d) Remitir á Administración competente, nun prazo non superior a tres meses desde a finalización da acción formativa, a documentación relativa ao proceso de avaliación e os cuestionarios de avaliación da calidade das accións formativas.

2. Entenderase por Administración competente, á cal corresponderá a autorización, avaliación seguimento e control, respecto das accións formativas a que se refire este artigo, o servizo público de emprego da comunidade autónoma onde estea situado o centro de formación e se vaia desenvolver a acción formativa.

No suposto de accións formativas que se impartan na modalidade de teleformación, entenderase por Administración competente o Servizo Público de Emprego Estatal.»

Trece. Incorpórase un novo artigo 20 coa seguinte redacción:

«Artigo 20. *Requisitos de acceso á formación dos certificados de profesionalidade.*

1. Corresponderalle á Administración laboral competente a comprobación de que os alumnos posúen os requisitos formativos e profesionais para cursar con aproveitamento a formación nos termos previstos nos puntos seguintes.

2. Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 2 e 3, os alumnos deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

a) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o nivel 2 ou título de bacharel para nivel 3.

b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que desexa acceder.

c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional para o nivel 2 ou dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional para o nivel 3.

d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio para o nivel 2 ou de grao superior para o nivel 3, ou ben ter superadas as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.

e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.

f) Ter as competencias clave necesarias, de acordo co recollido no anexo IV deste real decreto, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.

Para o acceso aos certificados de profesionalidade realizaranse probas de competencia matemática e de comunicación en lingua castelá e, se a houber, en lingua cooficial, no nivel que corresponda. Ademais, para aqueles que inclúan un módulo de lingua estranxeira requiriranse probas de competencia en comunicación en lingua estranxeira no correspondente nivel. Estas probas realizaranse en relación coas competencias definidas no anexo IV deste real decreto.

As citadas competencias están inspiradas nos ámbitos establecidos na Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente (2006/962/CE) e no Marco común europeo de referencia para as linguas.

Para verificar con obxectividade e rigor técnico o cumprimento deste requisito, os servizos públicos de emprego determinarán o procedemento de realización das probas de competencias clave necesarias para acceder á formación dos certificados de profesionalidade, como parte do proceso de selección dos alumnos, así como os resultados concretos que se deban comprobar e os criterios para a súa medición. As probas poderanse realizar ben directamente por medio dos servizos públicos de emprego ou a través dos centros formativos, para o cal deberán estar previamente autorizados, con base nas probas previamente establecidas ou as que poidan propoñer os ditos centros.

Estarán exentas da realización destas probas as persoas que superasen con avaliación positiva accións formativas correspondentes a competencias clave que figuren no ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.»

Catorce. Incorpórase unha nova disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Administracións competentes.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por Administración competente, cando non se determinase expresamente, aquela que autorizase a acción formativa.»

Quince. Incorpórase unha nova disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Nivel dos certificados de profesionalidade no marco europeo de cualificacións.*

Unha vez que se estableza a relación entre o marco nacional de cualificacións e o marco europeo de cualificacións determinarase o nivel correspondente dos certificados de profesionalidade do Repertorio nacional conforme a Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de abril de 2008, relativa á creación do Marco europeo de cualificacións para a aprendizaxe permanente.»

Dezaseis. Incorpórase un novo anexo IV co seguinte contido:

«ANEXO IV

Competencias clave relacionadas co acceso aos certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3 de cualificación profesional

1. Competencia clave: comunicación en lingua estranxeira

Esta competencia refírese á utilización da lingua estranxeira como instrumento de comunicación oral e escrita en diversos contextos. Na descrición dos aspectos da competencia que se deben medir tómase como referencia a escala global do Marco común europeo de referencia para as linguas.

Nivel 2. Aspectos da competencia que se deben medir:

Comprensión oral de frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que sexan especialmente relevantes, como información básica sobre un mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, profesións, entre outras.

Comprensión escrita de textos breves e sinxelos relacionados coa vida cotiá, como anuncios publicitarios, horarios ou menús.

Descrición oral da familia e persoas do contorno, aspectos da vida persoal, familiar e laboral.

Produción de textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos do pasado e do contorno, así como cuestións relacionadas con necesidades inmediatas e finalidades diversas.

Interacción oral para levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran máis que intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións coñecidas ou habituais.

Nivel 3. Aspectos da competencia que se deben medir:

Comprensión oral e escrita dos puntos principais de textos claros e en lingua estándar sobre cuestións coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer.

Expresión e interpretación oral de diferentes tipos de discurso acordes coa situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais.

Produción de textos sinxelos e coherentes sobre temas familiares ou nos cales existe un interese persoal ou profesional.

Descrición de experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como expresión breve de opinións ou explicación de plans.

Interacción oral en situacións da vida diaria e sobre temas familiares, de lecer, laborais, viaxes ou de actualidade.

2. *Competencia clave: comunicación en lingua castelá e, se a houber, en lingua cooficial*

Definición: esta competencia refírese á habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita (escoitar, falar, ler e escribir), e para interactuar lingüísticamente dunha maneira adecuada e creativa nos diferentes contextos sociais e culturais, como a educación e a formación, a vida privada e profesional, e o lecer, en lingua castelá e, se a houber, en lingua cooficial.

Nivel 2. Aspectos da competencia que se deben medir:

Demostrar un nivel de comprensión e uso de expresións orais e textos escritos que lle permitan o acceso ao coñecemento, identificando as ideas principais e secundarias da información así como a súa estrutura formal básica.

Expresar pensamentos, emocións e opinións, narrar e comentar con claridade feitos e experiencias e expoñer oralmente un tema dando coherencia e cohesión ao discurso.

Resumir textos orais e escritos, identificando o tema principal e os secundarios e reflectindo os principais argumentos e puntos de vista.

Xerar ideas e redactar textos cunha organización clara con corrección ortográfica e gramatical.

Nivel 3. Aspectos da competencia que se deben medir:

Comunicar ideas e opinións en interaccións orais, sobre temas de actualidade, a partir dun esquema previamente elaborado e empregando diferentes recursos, explicando e argumentando activa e reflexivamente, utilizando adecuadamente a tonalidade e a linguaxe xestual e corporal.

Demostrar un nivel de comprensión e uso de expresións orais e textos escritos que lle permitan o acceso ao coñecemento, sintetizando e expresando informacións contidas en distintas fontes previamente consultadas, identificando o tema principal e os secundarios, as relacións entre eles, a intención comunicativa e os diferentes puntos de vista expresados, indicando posibles incoherencias ou ambigüidades de contido e proporcionando unha opinión persoal.

Crear comunicacións escritas de diferente tipo (expositivo e argumentativo), utilizando un discurso propio e construíndoas con coherencia, cohesión e corrección ortográfica e gramatical.

Analizar e interpretar de forma crítica textos de diferente tipo (científico, periodístico, humanístico, técnico e literario), recoñecendo os seus elementos estruturais básicos e expresando con autonomía xuízos fundamentados en argumentos sólidos.

3. *Competencia clave: competencia matemática*

Definición: esta competencia refírese á habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións, os símbolos e as formas de expresión, así como para desenvolver e aplicar o razoamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás e co mundo laboral. Baseándose nun bo dominio do cálculo, a énfase sitúase no proceso e na actividade, aínda que tamén nos coñecementos. A competencia matemática entraña (en distintos graos) a capacidade e a vontade de utilizar procesos de razoamento (indución e dedución)

e modos matemáticos de pensamento (pensamento lóxico e espacial) e de representación (fórmulas, modos, construcións, gráficos e diagramas).

Nivel 2. Aspectos da competencia que se deben medir:

Coñecer e manexar os elementos matemáticos básicos, números enteiros, fraccionarios, decimais e porcentaxes sinxelas; unidades de medida, símbolos, elementos xeométricos, etc.

Resolver problemas, utilizando adecuadamente os distintos números, as catro operacións elementais, os procedementos básicos da proporcionalidade numérica (regra de tres, cálculo de porcentaxes) e a linguaxe alxebraica para resolver ecuacións de primeiro grao.

Resolver problemas cotiás sobre unidades monetarias e unidades de medida usuais e calcular lonxitudes, áreas, volumes e ángulos.

Elaborar e interpretar informacións estatísticas máis usuais e información gráfica sobre a vida cotiá e fenómenos sinxelos de probabilidade.

Nivel 3. Aspectos da competencia que se deben medir:

Realizar cálculos con distintos tipos de números (racionais e irracionais) e unidades do sistema métrico decimal para resolver problemas relacionados coa vida diaria, comprendendo o seu significado.

Resolver problemas empregando métodos alxebraicos e operando con expresións alxebraicas, polinómicas e racionais, así como coa proporcionalidade (directa e inversa) e as porcentaxes (regra de tres simple e composta, xuros, etc).

Resolver problemas mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, operar con matrices no contexto de problemas profesionais e resolver problemas de lonxitudes, áreas e volumes utilizando modos xeométricos.

Representar graficamente funcións matemáticas e interpretar gráficas en problemas relacionados coa vida cotiá e fenómenos naturais e tecnolóxicos.

Elaborar e interpretar informacións estatísticas e calcular parámetros estatísticos de uso corrente, así como de probabilidade.»

Artigo segundo. *Modificación dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no «Boletín Oficial del Estado» desde o día 4 de setembro de 2008 ata o 31 de decembro de 2010.*

Os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no «Boletín Oficial del Estado» desde o día 4 de setembro de 2008 ata o 31 de decembro de 2010, que aparecen relacionados no anexo I a este real decreto, quedan modificados como segue:

Un. O punto 4 do artigo 6, «Formadores», queda redactado nos seguintes termos:

«4. Os titores formadores que impartan formación mediante teleformación, ademais de cumpriren as prescricións específicas que se establecen para cada certificado de profesionalidade, deberán cumprir as establecidas no artigo 13.4 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.»

Dous. O artigo 7, «Contratos para a formación», queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Contratos para a formación e a aprendizaxe.*

A formación inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe realizarase, en réxime de alternancia coa actividade laboral retribuída, nos termos

previstos no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.»

Tres. O artigo 8, «Formación a distancia», queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Formación mediante teleformación.*

Os módulos formativos que constitúen a formación dos certificados de profesionalidade poderanse ofertar mediante teleformación na súa totalidade ou en parte, combinada con formación presencial, nos termos establecidos no artigo 10 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.»

Catro. O artigo 9, «Centros autorizados para a súa impartición», queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Centros autorizados para a súa impartición.*

Os centros e entidades de formación que impartan a formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade deberán cumprir o establecido nos artigos 12 e 12 bis do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.»

Artigo terceiro. *Modificación dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no «Boletín Oficial del Estado» desde o día 1 de xaneiro de 2011 ata a data de entrada en vigor deste real decreto.*

Os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no «Boletín Oficial del Estado» desde o día 1 de xaneiro de 2011 ata a data de entrada en vigor deste real decreto, que aparecen relacionados no anexo II a este real decreto, quedan modificados como segue:

Un. O punto 4 do artigo 5, «Formadores», queda redactado nos seguintes termos:

«4. Os titores formadores que impartan formación mediante teleformación, ademais de cumpriren as prescricións específicas que se establecen para cada certificado de profesionalidade, deberán cumprir as establecidas no artigo 13.4 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.»

Dous. O artigo 6, «Contratos para a formación», queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Contratos para a formación e a aprendizaxe.*

A formación inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe realizarase, en réxime de alternancia coa actividade laboral retribuída, nos termos previstos no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.»

Tres. O artigo 7, «Formación a distancia», queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Formación mediante teleformación.*

Os módulos formativos que constitúen a formación dos certificados de profesionalidade poderán ofertarse mediante teleformación na súa totalidade ou en parte, combinada con formación presencial, nos termos establecidos no artigo 10 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.»

Catro. O artigo 8, «Centros autorizados para a súa impartición», queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Centros autorizados para a súa impartición.*

Os centros e entidades de formación que impartan a formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade deberán cumprir o establecido nos artigos 12 e 12 bis do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.»

Artigo cuarto. *Modificación dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no «Boletín Oficial del Estado» desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto.*

Os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, publicados no «Boletín Oficial del Estado» desde o día 4 de setembro de 2008 ata a data de entrada en vigor deste real decreto, quedan modificados como segue:

Un. O artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«Os requisitos de acceso á formación dos certificados de profesionalidade serán os establecidos nos artigos 5.5.c) e 20 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.»

Dous. No punto III, «Formación do certificado de profesionalidade», de cada un dos anexos dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das correspondentes familias profesionais, suprimese o punto de «Formación a distancia» e o seu contido na epígrafe «Orientacións metodolóxicas».

Tres. No punto IV, «Prescripcións dos formadores», de cada un dos anexos dos reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade das familias profesionais, no caso de que os formadores conten con acreditación, figurará un ano en todos os casos na correspondente columna «con acreditación» dentro da denominada «Experiencia profesional requirida no ámbito da unidade de competencia».

Disposición adicional primeira. *Accións formativas dirixidas á formación profesional para o emprego das persoas en situación de privación de liberdade.*

Nas accións formativas dirixidas á formación profesional para o emprego das persoas en situación de privación de liberdade, a que se refire o artigo 22.1.c) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, a realización das prácticas profesionais non laborais e dos módulos de formación práctica en centros de traballo incluídos nos certificados de profesionalidade efectuarase nos termos que se establezan nos correspondentes convenios que, para o desenvolvemento das ditas accións formativas, subscriban o Servizo Público de Emprego Estatal e o Organismo Autónomo Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego.

Disposición adicional segunda. *Impartición da formación vinculada aos certificados de profesionalidade a través do programa Aula Mentor do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.*

A impartición de formación vinculada con certificados de profesionalidade a través do programa Aula Mentor do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, xestionado pola Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Subdirección Xeral de Aprendizaxe ao Longo da Vida da Dirección Xeral de Formación Profesional, poderase desenvolver nos termos que se acorden entre o Ministerio de

Educación, Cultura e Deporte e o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. En todo caso, esta formación adecuarase á normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

Disposición transitoria única. *Acreditación da competencia docente.*

Para efectos de acreditación da competencia docente, de acordo co establecido no artigo 13.1, terá validez o feito de estar en posesión de formación en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos equivalente ao certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, sempre que a dita formación se obtivese ata o 31 de decembro de 2013.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.*

O parágrafo h) do artigo 3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, queda redactado nos seguintes termos:

«h) O exercicio do dereito á formación profesional para o emprego, o seu carácter gratuíto, con excepción dos supostos recollidos na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade para accións formativas non financiadas con fondos públicos, e a igualdade no acceso dos traballadores e as empresas á formación e ás axudas a esta.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a e 30.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas e a competencia para establecer a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, así como as normas básicas para o desenvolvemento do dereito á educación, co fin de garantir o cumprimento dos deberes dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Así mesmo, facúltase a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de marzo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,

FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA

ANEXO I

Reais decretos de certificados de profesionalidade publicados desde o 4 de setembro de 2008 ata o 31 de decembro de 2010

Real decreto 1373/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Imaxe Persoal que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 4-09-2008).

Real decreto 1374/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Química que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 4-09-2008).

Real decreto 1375/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen doce certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 5-09-2008).

Real decreto 1376/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen dez certificados de profesionalidade da familia profesional de Hostalaría e Turismo que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 6-09-2008).

Real decreto 1377/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Comercio e Márketing que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 15-09-2008).

Real decreto 1378/2008, do 1 de agosto, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Madeira, Moble e Cortiza que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 8-09-2008).

Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 9-09-2008).

Real decreto 1380/2008, do 1 de agosto, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Imaxe e Son que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 9-09-2008).

Real decreto 1381/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Enerxía e Auga que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 10-09-2008).

Real decreto 1965/2008, do 28 de novembro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 20-12-2008).

Real decreto 1966/2008, do 28 de novembro, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Edificación e Obra Civil que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 3-02-2009).

Real decreto 1967/2008, do 28 de novembro, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Enerxía e Auga que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 15-01-2009).

Real decreto 1968/2008, do 28 de novembro, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Madeira, Moble e Cortiza que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 22-12-2008).

Real decreto 1969/2008, do 28 de novembro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Fabricación Mecánica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 22-12-2008).

Real decreto 1970/2008, do 28 de novembro, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Química que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 16-01-2009).

Real decreto 1209/2009, do 17 de xullo, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 6-08-2009).

Real decreto 1210/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Administración e Xestión que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 23-09-2009).

Real decreto 1211/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 21-08-2009).

Real decreto 1212/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Edificación e Obra Civil que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 22-08-2009).

Real decreto 1213/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Artes Gráficas que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 24-08-2009).

Real decreto 1214/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Electricidade e Electrónica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 4-09-2009).

Real decreto 1215/2009, do 17 de xullo, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Enerxía e Auga que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 25-08-2009).

Real decreto 1216/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Fabricación Mecánica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 26-08-2009).

Real decreto 1217/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Industrias Extractivas que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 27-08-2009).

Real decreto 1218/2009, do 17 de xullo, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Informática e Comunicacions que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 5-08-2009).

Real decreto 1256/2009, do 24 de xullo, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Hostalaría e Turismo que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 28-08-2009).

Real decreto 1374/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Imaxe e Son que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 17-09-2009).

Real decreto 1375/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Instalación e Mantemento que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 24-09-2009).

Real decreto 1376/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional Marítimo-Pesqueira que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 19-09-2009).

Real decreto 1377/2009, do 28 de agosto, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Seguranza e Ambiente que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 21-09-2009).

Real decreto 1378/2009, do 28 de agosto, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 16-09-2009).

Real decreto 1379/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Imaxe Persoal que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 22-09-2009).

Real decreto 1380/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Industrias Alimentarias que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade («BOE» 26-09-2009).

ANEXO II

Reais decretos de certificados de profesionalidade publicados a partir do 1 de xaneiro de 2011

Real decreto 642/2011, do 9 de maio, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Comercio e Márketing que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 643/2011, do 9 de maio, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Enerxía e Auga que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 644/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Edificación e Obra Civil que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 645/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Administración e Xestión que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real decreto 1210/2009, do 17 de xullo.

Real decreto 646/2011, do 9 de maio, polo que se establecen trece certificados de profesionalidade da familia profesional de Industrias Alimentarias que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualiza o certificado de profesionalidade establecido como anexo I no Real decreto 1380/2009, do 28 de agosto.

Real decreto 682/2011, do 13 de maio, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos como anexos I, II, IV, VI, VII, VIII e XII no Real decreto 1375/2008, do 1 de agosto, o certificado de profesionalidade establecido como anexo I no Real decreto 1965/2008, do 28 de novembro, e o certificado de profesionalidade establecido como anexo III no Real decreto 1211/2009, do 17 de xullo.

Real decreto 683/2011, do 13 de maio, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional de Electricidade e Electrónica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualiza o certificado de profesionalidade establecido como anexo III no Real decreto 1214/2009, do 17 de xullo.

Real decreto 684/2011, do 13 de maio, polo que se establecen doce certificados de profesionalidade da familia profesional de Fabricación Mecánica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 685/2011, do 13 de maio, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional de Hostalaría e Turismo que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualiza o certificado de profesionalidade establecido como anexo III do Real decreto 1376/2008, do 1 de agosto, e os certificados de profesionalidade establecidos no Real decreto 1256/2009, do 24 de xullo.

Real decreto 686/2011, do 13 de maio, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional de Informática e Comunicacions que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 710/2011, do 20 de maio, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Sanidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 711/2011, do 20 de maio, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualiza o certificado de profesionalidade establecido no Real decreto 1209/2009, do 17 de xullo.

Real decreto 712/2011, do 20 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Artes Gráficas que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 713/2011, do 20 de maio, polo que se establecen doce certificados de profesionalidade da familia profesional de Industrias Extractivas que se inclúen no

Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan determinados certificados de profesionalidade establecidos no Real decreto 1217/2009, do 17 de xullo.

Real decreto 714/2011, do 20 de maio, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Vidro e Cerámica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 715/2011, do 20 de maio, polo que se establecen dez certificados de profesionalidade da familia profesional de Instalación e Mantemento que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan determinados certificados de profesionalidade establecidos no Real decreto 1375/2009, do 28 de agosto.

Real decreto 716/2011, do 20 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Imaxe Persoal que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real decreto 1373/2008, do 1 de agosto, e os certificados de profesionalidade establecidos no Real decreto 1379/2009, do 28 de agosto.

Real decreto 717/2011, do 20 de maio, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional de Madeira, Moble e Cortiza que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 718/2011, do 20 de maio, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional Marítimo-Pesqueira que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 719/2011, do 20 de maio, polo que se establecen dez certificados de profesionalidade da familia profesional de Química que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualiza o certificado de profesionalidade establecido como anexo III no Real decreto 1970/2008, do 28 de novembro.

Real decreto 720/2011, do 20 de maio, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Seguridade e Ambiente que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 721/2011, do 20 de maio, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos como anexo I e II no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto.

Real decreto 722/2011, do 20 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Têxtil, Confección e Pel que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 723/2011, do 20 de maio, polo que se establecen once certificados de profesionalidade da familia profesional de Transporte e Mantemento de Vehículos que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 725/2011, do 20 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Imaxe e Son que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1518/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1519/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen sete certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1520/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen dez certificados de profesionalidade da familia profesional de Artes Gráficas que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1521/2011, de 31 de outubro, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional de Artes e Artesanías que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1522/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Comercio e Márketing que se inclúen no

Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualiza o certificado de profesionalidade establecido como anexo I do Real decreto 1377/2008, do 1 de agosto.

Real decreto 1523/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen dez certificados de profesionalidade da familia profesional de Electricidade e Electrónica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1524/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Enerxía e Auga que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1525/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Fabricación Mecánica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1526/2011, do 31 de outubro, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Hostalaría e Turismo que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1527/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Imaxe Persoal que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1528/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Imaxe e Son que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1529/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen once certificados de profesionalidade da familia profesional de Industrias Alimentarias que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1530/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Industrias Extractivas que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1531/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen doce certificados de profesionalidade da familia profesional de Informática e Comunicacions que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1532/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen sete certificados de profesionalidade da familia profesional de Madeira, Moble e Cortiza que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1533/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen sete certificados de profesionalidade da familia profesional Marítimo-Pesqueira que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1534/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Química que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1535/2011, do 31 de outubro, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Sanidade que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1536/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Seguridade e Ambiente que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1537/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1538/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Têxtil, Confección e Pel que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1539/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen sete certificados de profesionalidade da familia profesional de Transporte e Mantemento de Vehículos que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1540/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Vidro e Cerámica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1692/2011, do 18 de novembro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Administración e Xestión que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1693/2011, do 18 de novembro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Artes e Artesanías que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1694/2011, do 18 de novembro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Comercio e Márketing que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualiza o certificado de profesionalidade establecido no anexo II do Real decreto 1377/2008, do 1 de agosto.

Real decreto 1695/2011, do 18 de novembro, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional de Hostalaría e Turismo que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1696/2011, do 18 de novembro, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de Química que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1697/2011, do 18 de novembro, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1774/2011, do 2 de decembro, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional Marítimo-Pesqueira que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1775/2011, do 2 de decembro, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Vidro e Cerámica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1784/2011, do 16 de decembro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1785/2011, do 16 de decembro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1076/2012, do 13 de xullo, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1077/2012, do 13 de xullo, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Electricidade e Electrónica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1078/2012, do 13 de xullo, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Fabricación Mecánica que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Real decreto 1079/2012, do 13 de xullo, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Instalación e Mantemento que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.